



## PROCEDIMENTO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO PARA ESO

Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG 15-03-13).

**O CEIP "OZA DOS RÍOS" está adscrito ao IES As Mariñas  
O alumnado do 6º, que promocione á ESO, terá prioridade para a  
admisión no IES As Mariñas (Art. 10.1 Orde do 12 de marzo de 2013).**

- Os alumnos e alumnas que pretendan continuar os seus estudos no **IES AS MARIÑAS** deberán presentar no **CEIP "Oza dos Ríos" o Anexo I (RESERVA DE PRAZA, CAMBIO DUN CENTRO A OUTRO AO QUE SE ESTEA ADSCRITO)**, debidamente cumplimentado (Art. 10.2 Orde do 12 de marzo de 2013).
- **Anexo I (RESERVA DE PRAZA, CAMBIO DUN CENTRO A OUTRO AO QUE SE ESTEA ADSCRITO)** será facilitado polo centro e poderá descargarse na web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- A dirección do CEIP Oza dos Ríos remitirá ao IES As Mariñas as solicitudes de reserva de praza do alumnado que faga uso da prioridade de admisión como centro adscrito (Art. 10.3 Orde do 12 de marzo de 2013).

**O alumnado que promocionando á ESO desexe continuar os seus estudos  
NOUTRO CENTRO, DIFERENTE ao IES As Mariñas**

- **NON** cubrirá o Anexo I e deberá presentar a súa solicitude de admisión **Anexo II (ADMISIÓN DE ALUMNADO EN CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS)** na secretaría do centro elixido **entre os días 1 e 29 de marzo do presente ano** (Art. 14. Orde do 12 de marzo de 2013).
- **Anexo II (ADMISIÓN DE ALUMNADO EN CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS)**, xunto con toda a información sobre documentación complementaria, será facilitado polo centro elixido e poderá descargarse na web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- O alumnado admitido tanto no centro ao que se estea adscrito (**IES As Mariñas**) coma noutro centro, deberá formalizar a súa matrícula entre o 25 de xuño e o 10 de xullo do presente ano (Art. 40.2.b Orde do 12 de marzo de 2013).